

A restauración de Fernando VII e do absolutismo (as etapas do reinado)

Tema 13 (Bloque 2. Política – Século XIX)

2º Bach. - IES Mendiño - 2024/2025
Prof. Xael Díaz Alonso



Contexto da restauración absolutista

Contexto da restauración absolutista

- Tras o Tratado de Valençay, **Fernando VII** volveu a España, pero **non aceptou as reformas** lexislativas de Cádiz.
- Desde maio de 1814 había un **contexto internacional favorable ao absolutismo**, coa derrota de Napoleón e a Santa Alianza unindo ás monarquías europeas contra os posibles brotes liberais.



Contexto da restauración absolutista






O sexenio absolutista (1814-1820)

O sexenio absolutista

- Fernando VII desembarcou en Valencia en abril de 1814, coincidindo coa publicación do **Manifesto dos Persas**.
- O Decreto de Valencia, de 4 de maio de 1814, *restaurou o absolutismo e aboliu a lexislación das Cortes de Cádiz*, “coma se non pasasen xamáis tales actos”.



O sexenio absolutista

- **A política de Fernando VII consistiu nunha volta ao pasado:** restauráronse a Inquisición, os antigos consellos, a Mesta, os gremios, o réxime señorial, as institucións feudais, estableceuse a devolución dos bens amortizados...



O sexenio absolutista



O sexenio absolutista

- A **represión** significou o cárcere, o desterro ou a pena de morte para os líderes liberais.
- Resultado diso foi o **primeiro exilio da España contemporánea**, que afectou a afrancesados e liberais. Os seus destinos foron o Reino Unido e Francia, desde onde promoveron continuas conspiracións.



Os ineficaces gobernos de Fernando VII

- España debía enfrontar unha **guerra aberta pola independencia nos territorios americanos, a Facenda real estaba na ruína e o peso internacional era moi precario.**
- Os cambios de goberno provocaron unha **grande inestabilidade** (os ministros duraban uns seis meses).



Os ineficaces gobiernos de Fernando VII

- A política estivo marcada pola **camarilla** que rodeaba ao rei, que influía moito sobre el.
- Os problemas económicos anteriores e a volta ao vello sistema fiscal provocaron a **creba da Facenda**, obrigando a tomar medidas liberais.




Os ineficaces gobiernos de Fernando VII

- O ministro Martín de Garay intentou establecer un **sistema fiscal de contribución única e proporcional** aos ingresos, que fracasou pola oposición de nobreza e clero.
- A elevada **débeda pública** debíase, sobre todo, á guerra en América, pero a reforma da Facenda era imposible.




Pronunciamentos e conspiracións

- A represión non detivo aos liberais, moitos deles no exilio. Iniciouse así unha serie de **pronunciamentos militares** que caracterizaron todo o século XIX.
- Os liberais carecían de apoio popular, polo que para chegar ao poder precisaban aos militares.



Pronunciamentos e conspiracións

- A conexión de grupos civís e militares descontentos levou a **sucesivos pronunciamentos**: Espoz y Mina, Díaz Porlier, Lacy... Fracasaron por ser faccións minoritarias do exército.
- Triunfou o de **Rafael del Riego en 1820** en Cabezas de San Juan, polo que en marzo **Fernando VII tivo que xurar a Constitución de 1812**.



Pronunciamentos e conspirações



Pronunciamentos e conspiracións



ESPAÑOLES.

Cuando vuestros heroicos esfuerzos lograron poner término al cautiverio en que me retuvo la mas inaudita perfidia, todo cuanto vi y escuché, apenas pisé el suelo patrio, se reunió para persuadirme que la Nacion deseaba ver reconstituida su anterior forma de Gobierno; y esta persuasión me debió decidir á conformarme con lo que parecia ser el voto casi general de un pueblo magnánimo que, triunfador del enemigo extranjero, temia los males aun mas horribles de la intestina discordia.

No se me ocultaba sin embargo que el progreso rápido de la civilizacion europea, la diffusion universal de luces hasta entre las clases menos elevadas, la mas frecuente comunicacion entre los diferentes paises del globo, los asombrosos acacimientos reservados á la generacion actual, habian suscitado ideas y deseos desconocidos á nuestros mayores, resultando nuevas é imperiosas necesidades: ni tampoco dejaba de conocer que era indispensable anular á tales elementos las instituciones politicas, á fin de obtener aquella conveniente armonia entre los hombres y las leyes, en que estriba la estabilidad y el reposo de las sociedades.

Pero mientras Yo meditaba maduramente con la solicitud propia de mi paternal corazon las variaciones de nuestro régimen fundamental, que parecia mas adaptables al caracter nacional y al estado presente de las diversas porciones de la Monarquia española, así como mas análogas á la organizacion de los pueblos ilustrados, me habéis hecho entender vuestro anhelo de que se estableciese aquella Constitución que entre el estruendo de armas hostiles fue promulgada en Cádiz el año de 1812, al propio tiempo que con asombro del mundo combatiais por la libertad de la patria. He oido vuestros votos, y cual tierno Padre he condescendido á lo que mis hijos reputan conducente á su felicidad. He jurado esa Constitución, por la cual suspirabais, y será siempre su mas firme apoyo. Ya he tomado las medidas oportunas para la pronta convocacion de las Cortes. En ellas, reuniendo á vuestros Representantes, me gozaré de concurrir á la grande obra de la prosperidad nacional.

Españoles: vuestra gloria es la única que mi corazon ambiciona. Mi alma no apetece sino veros en torno de mi Trono unidos, pacíficos y dichosos. Confiad, pues, en vuestro Rey, que os habla con la elusion sincera que le inspiran las circunstancias en que os hallais, y el sentimiento intimo de los altos deberes que le impuso la Providencia. Vuestra ventura desde hoy en adelante dependerá en gran parte de vosotros mismos. Guardaos de dejáros seducir por falaces apariencias de un bien ideal, que frecuentemente impiden el bien efectivo. Evitad la exaltacion de pasiones que suele transformar en enemigos á los que solo deben ser hermanos, acordes en afectos como lo son en religion, idioma y costumbres. Repeled las pérdidas insinuaciones, halagüeñasmente disfrazadas, de vuestros emulos. Marchemos francamente, y yo el primero, por la senda constitucional; y mostrando á la Europa un modelo de sabiduria, orden y perfecta moderacion en una crisis que en otras naciones ha sido acompañada de lágrimas y desgracias, hagamos admirar y reverenciar el nombre Español, al mismo tiempo que labramos para siglos nuestra felicidad y nuestra gloria. Palacio de Madrid 10 de Marzo de 1820.

FERNANDO.



0 trienio liberal (1820-1823)

A formación da cultura política liberal

- Tras o pronunciamento de Riego, Fernando VII xura a Constitución e fórmase un **gobierno composto por destacados liberais**.
- Iníciase unha labor lexislativa que trata de recuperar moitos dos decretos das Cortes de Cádiz.



A formación da cultura política liberal

- No primeiro goberno liberal destacou **Agustín Argüelles**.
- Estableceuse un **sistema de liberdades políticas**: liberdade para os presos políticos, supresión definitiva da Inquisición, reposición das autoridades constitucionais, eleccións a Cortes, creación da Milicia Nacional...




A formación da cultura política liberal

- Período de **reformas políticas e económicas** baseadas nas normas das Cortes de Cádiz.
- O espírito liberal tivo dous vehículos de expresión principais, a **prensa** e as **sociedades patrióticas**.



A formación da cultura política liberal

- A **prensa** foi instrumento da pluralidade ideolóxica e da liberdade de expresión.
- As **sociedades patrióticas** eran clubs abertos onde se debatía da actualidade. Moi vinculadas a sociedades secretas (masóns).
- Os liberais atoparon **dous graves problemas**: a situación internacional e a belixerancia de Fernando VII contra eles.




A formación da cultura política liberal




As divisións internas do liberalismo

- O fenómeno xunteiro deu lugar á existencia dun **dobre poder**: o do goberno (liberalismo institucional) e o das xuntas (liberalismo de base popular).
- O liberalismo dividiuse en dúas tendencias (aínda non “partidos”), que marcaron gran parte do século XIX.




As divisións internas do liberalismo

- **Liberais moderados:** compromiso coas vellas elites; defendían un Senado aristocrático, máis poder para o rei e control da prensa.
- **Liberais exaltados:** defensores da Constitución de 1812 e de reformas máis radicais.
- Tiveron moitos problemas todo o Trienio Liberal, aínda que ***predominaron os moderados.***




Os moderados no goberno

- En 1820 os exaltados opuxéronse ás decisións dos moderados, que suprimiron as sociedades patrióticas.
- Os moderados pretendía reformar a Constitución de 1812 nun sentido conservador (sufraxio censitario, segunda cámara lexislativa...), fracasando pola oposición exaltada.




Os moderados no goberno

- Os moderados levaron a cabo medidas como a **lei de supresión de ordes monacais e reforma de regulares**.
- Varias reformas pretendían dinamizar a economía, como a **abolición dos gremios**, a **desamortización** dos bens da Igrexa ou a **supresión das vinculacións e morgados**.



Os moderados no goberno

- A crise era constante, debido ás **conspiracións dos exaltados**, ás **intrigas do rei** contra os liberais ou á **acción da guerrilla realista** (aproveitando o odio de clero e campesiñado).
- A isto sumáronse as guerras de independencia das colonias, as manobras da Santa Alianza e a crise económica.



Os exaltados no poder

- Tras descubrirse un intento de golpe de Estado fomentado polo rei, **comezaron a formarse gobernos exaltados**, que aumentaron a presión internacional.
- A Santa Alianza decidiu intervir, enviando Francia a un exército chamado os **Cen Mil Fillos de San Luís**.



Os exaltados no poder

- O exército francês entrou em 1823, contando com o apoio dos realistas, e ante escassa resistencia.
- As Cortes marcharam a Cádiz, malia a negativa do rei. Tras varios meses, liberaron a **Fernando VII, que restaurou o absolutismo e a persecución dos liberais.**



This is a reproduction of the painting 'Napoleon Crossing the Alps' by Jacques-Louis David. The central figure is Napoleon Bonaparte, depicted in a heroic and idealized manner. He stands prominently on a rocky, uneven path, wearing a dark blue military uniform with a red cape draped over his shoulders. He holds a sword in his right hand and a hat with a white plume in his left. The background shows a dramatic, hazy landscape with other soldiers and cannons, suggesting a battlefield or a strategic crossing. The overall style is neoclassical, emphasizing the grandeur and heroism of the subject.



Os exaltados no poder





A década “ominosa” (1823-1833)

Represión e exilio

- Os primeiros anos foron de **acentuada represión política**, comezando pola execución do xeneral Rafael del Riego.
- **Moitos liberais exiliáronse** (ao redor de 15.000 persoas, incluíndo a destacados personaxes como Alcalá Galiano, Argüelles, o duque de Rivas, o conde Toreno...).



Represión e exilio

- Case todos os liberais marcharon cara o Reino Unido, e tras o ano 1930, tamén a Francia. Desde alí conspiraron para derrocar a Fernando VII.
- Os que quedaron foron **perseguidos, encarcerados ou executados** (destacan os casos de Riego ou Mariana Pineda).



Represión e exilio

- O aparello represivo articulouse en torno a catro instrumentos básicos:
 - *A Superintendencia Xeral de Policía* e as comisións militares.
 - *O corpo de voluntarios realistas.*
 - *Os tribunais de xustiza.*
 - *As Xuntas de Fe.*




Represión e exilio

- A **Superintendencia Xeral de Policía e as comisións militares** foron creadas en 1824.
- Ocupáronse da **depuración de funcionarios e militares** (e incluso ao clero), e afectou a milleiros de persoas, que en algúns casos partiron cara ao exilio no estranxeiro.




Represión e exilio

- A **Superintendencia Xeral de Policía e as comisións militares** foron creadas en 1824.
- Ocupáronse da **depuración de funcionarios e militares** (e incluso ao clero), e afectou a milleiros de persoas, que en algúns casos partiron cara ao exilio no estranxeiro.




Represión e exilio

- O **corpo de voluntarios realistas**, creado en 1823, foi unha filicia absolutista oposta á Milicia Nacional liberal.
- Chegou a ter case 300.000 membros, reclutados case todos entre as clases populares e medias, cun forte odio cara aos ricos, identificados cos liberais.



Represión e exilio

- Os tribunais de xustiza condenaban “delitos” como posuír símbolos liberais.
- As **Xuntas de Fe**, herdeiras da Inquisición, actuaron en varias dióceses.
- A represión levou ao peche das universidades en 1830.



Represión e exilio



As reformas dos gobernos absolutistas

- O decreto do 1 de outubro de 1823 restableceu as institucións anteriores a 1820, aínda que a Inquisición ou o Consello de Estado non subsistiron.
- O rei era consciente de que non se podía restaurar sen máis o Antigo Réximo, senon que debía modernizalo un pouco.



As reformas dos gobernos absolutistas

- A labor dos novos gobernos centrouse nas **resformas fiscais e administrativas**, máis necesarias pola perda dos territorios americanos.
- Recurriuse a empréstitos, e fíxose unha **reforma fiscal** (impostos, primeiros orzamentos do Estado, redución de débeda, plan da minaría...).



As reformas dos gobernos absolutistas

- Leváronse a cabo **cambios na administración do Estado**, creando novas institucións:
 - Consello de Ministros.
 - Banco de San Fernando (antecedente do Banco de España).
 - Bolsa de comercio en Madrid.
 - Ministerio de Fomento.



Crise do absolutismo e cuestión sucesoria

- As reformas fixeron pensar aos absolutistas que o rei estaba en mans dos liberais, e os radicais organizáronse arredor do seu irmán, **Carlos María Isidro**.
- Froito disto foron varias **insurreccións absolutistas** (como a “guerra dos malcontents”), que foron duramente reprimidas.



Crise do absolutismo e cuestión sucesoria

- O rei quería **asegurar a sucesión**, xa que non tiña descendencia. En 1829 casou por cuarta vez, agora con María Cristina de Borbón, que ao ano seguinte quedou embarazada.
- Un mes antes promulgouse a **Pragmática Sanción**, que derogaba a Lei Sálica, que impedía reinar ás mulleres.



Crise do absolutismo e cuestión sucesoria

- O nacemento de Isabel en 1830 deu lugar á “cuestión sucesoria” e a aparición do **carlismo**.
- Nos últimos anos de reinado, o maior perigo para Fernando VII viña dos absolutistas (“sucesos de La Granja”). O rei decidiu formar un goberno máis moderado e nomear a Isabel como herdeira.



Crise do absolutismo e cuestión sucesoria

- O nacemento de Isabel en 1830 deu lugar á “cuestión sucesoria” e a aparición do **carlismo**.
- Nos últimos anos de reinado, o maior perigo para Fernando VII viña dos absolutistas (“sucesos de La Granja”). O rei decidiu formar un goberno máis moderado e nomear a Isabel como herdeira.



Crise do absolutismo e cuestión sucesoria

- O carlismo crecía, e Carlos marchou a Portugal. Mentres, dúas **amnistías** permitiron o regreso dos liberais.
- A guerra civil parecía inevitable cando falece Fernando VII en 1830, sendo **proclamada raína, con só dous anos, Isabel II.**





A independencia das colonias americanas

As independencia americanas

- A loita pola independencia **principiou** nos territorios americanos en **1810**, mentres na península Ibérica tiña lugar a Guerra de Independencia.
- O proceso prolongouse ata o ano **1824**, cando **se acabaron de independizar** case todas as colonias españolas en América.



As independencias americanas

As independencias americanas



Os factores da independencia

- O **reformismo borbónico** incrementou o control económico e administrativo en América, e os principais cargos pasaron a ser para os peninsulares, deixando fóra aos crioulos.
- A progresiva **liberalización do comercio** peninsular con América beneficiou moito máis aos comerciantes peninsulares.



Os factores da independencia

- A influencia da **revolución americana**, que supuxo o nacemento dos Estados Unidos.
- A **Revolución Francesa** e as súas ideas, que inspiraron o pensamento emancipador (por exemplo, Bolívar e Miranda).
- Os **intereses do Reino Unido**, que quería comerciar con países independentes en América.



O proceso emancipador

- **A intervención da monarquía** en América (sobre todo nos “estancos”) aumentou o malestar dos crioulos.
- **O descontento** estalou aproveitando a invasión francesa de España en 1808.
- O proceso independentista tivo **dúas fases**: de 1808 a 1815 e de 1816 a 1824.



O proceso emancipador

- A fase que vai de **1808 a 1815** coincide coa Guerra de Independencia na metrópole.
- En América houbo tamén un **baleiro legal**, e tamén se formaron **xuntas leais a Fernando VII**, que ao principio non cuestionaron a soberanía.
- O **elemento crioulo** foi desprazando ao peninsular.



O proceso emancipador

- En **1810**, as xuntas de Caracas, Buenos Aires e Bogotá manifestaron **desexos de independencia**; a presenza de numerosos deputados americanos nas Cortes de Cádiz non detivo a rebelión.
- As **proclamas de 1810** contaxiaron a outros territorios: Venezuela, Uruguay, Paraguay, América Central...



O proceso emancipador

- A volta de Fernando VII a España pechou esta fase.
- As expedicións militares españolas e a actuación do vicerrei de Perú axudaron a **recuperar o control** sobre América, salvo o Río da Prata.
- En México os propios crioulos fixeron fracasar unha **revolución campesiña**.



O processo emancipador



O proceso emancipador

- Entre 1816 e 1824 a loita estivo máis organizada.
- Destacaron **Simón Bolívar** e **José de San Martín**, que na Conferencia de Guayaquil acordaron as súas zonas de influencia.
- San Martín logrou, atacando desde o Río da Prata, a independencia de Chile.



O proceso emancipador

- **Bolívar** aliouse cos “llaneros” de Páez e derrotaron aos realistas en Carabobo e Ayacucho, creando a Gran Colombia.
- México alcanzou a independencia en 1821, da man dun xeneral conservador, **Agustín de Iturbide**, que se coroou rei durante un breve período de tempo.



Balance das independencias

- A monarquía de Fernando VII non deu freado un proceso que parecía inevitable.
- Os enormes recursos destinados ás guerras en América **deixaron exhausta a Facenda real e agravaron a crise española.**
- Perdeuse case todo o Imperio en América, a excepción de Cuba e Porto Rico.



Balance das independencias

- A monarquía de Fernando VII non deu freado un proceso que parecía inevitable.
- Os enormes recursos destinados ás guerras en América **deixaron exhausta a Facenda real e agravaron a crise española.**
- España perdeu case todo o seu Imperio en América, a excepción de Cuba e Porto Rico.



Balance das independencias

- A idea de Bolívar de **crear unha federación (a Gran Colombia)** fracasou, creándose **varios países**; o mesmo sucedeu noutras zonas.
- Nos novos Estados, case todos repúblicas, **o poder político e económico quedou en mans dos crioulos**. Continuou a dependencia económica, pero do Reino Unido.



Balance das independencias



The background of the slide features a repeating pattern of golden crowns and small diamonds on a dark brown background. The crowns are arranged in a grid, with diamonds positioned between them. A large, semi-transparent yellow rectangle is overlaid on the center of the slide, containing the text.

Ánimo co estudo!